PROSPECCIÓN ARQUEOLÓXICA SUPERFICIAL INTENSIVA DA ILLA DE CORTEGADA

Vilagarcía de Arousa - Pontevedra



MEMORIA TÉCNICA

- ÍNDICE -

0. FICHA TÉCNICA 3

1. CONTEXTO 4
- 1.1. Antecedentes.
- 1.2. Contexto xeográfico.
- 1.3. Contexto histórico.
- 1.4. Melloras a realizar.

2. ESTRUCTURA DO PROXECTO 9
- 2.1. Obxectivos da intervención.
- 2.2. Equipo técnico.
- 2.3. Equipo material.
- 2.4. Tempo de execución dos traballos.
- 2.5. Elaboración de informes.

3. METODOLOXÍA DA INTERVENCIÓN 11
- 3.1. Preprospección.
- 3.2. Prospección.
  - 3.2.1. Desprazamento a pé.
  - 3.2.2. Enquisa etnográfica.
- 3.3. Informes.

4. RESULTADOS ACADADOS....... 14
- 4.1. Xacementos arqueolóxicos.
- 4.2. Elementos catalogados.
- 4.3. Outros bens de interese etnográfico.

5. FOTOGRAFÍAS 21

6. CARTOGRAFÍA 23

7. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA 26

0. FICHA TÉCNICA.

0.1. TÍTULO DO PROXECTO.
Prospección arqueolóxica superficial intensiva da Illa de Cortegada. Vilagarcía de Arousa, Pontevedra.

0.2. CÓDIGO.
CD 102A 2009/194-0

0.3. ENTIDADE PROMOTORA.
MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE.
Organismo Autónomo Parques Nacionales.
Parque Nacional Illas Atlánticas.

0.4. EMPRESA ADXUDICATARIA DAS OBRAS CONSTRUCTIVAS (promotor arqueolóxico).
TRAGSA
Avda. Juan Carlos I, nº 6-8 baixo.
36004 - Pontevedra.

0.5. ENTIDADE CONTRATISTA DO TRABALLO ARQUEOLÓXICO.
TOMOS CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN S.L.
Rúa Brasil, 37-baixo (36204-Vigo).
C.I.F.: B-36779908.
Tf.-Fax: 986-471810.

0.6. LOCALIZACIÓN:
Lugar: Illa de Cortegada.
Parroquia: Santiago de Carril.
Concello: Vilagarcía de Arousa.
Provincia: Pontevedra.

0.7. REDACCIÓN.
Fco Javier CHAO ÁLVAREZ.
Rúa Brasil, 37 – Baixo
36204 – Vigo.
Telf: 650 497 239

0.8. DATAS TRABALLO DE CAMPO.
18 e 26 de xuño de 2009.

Asdo.: **Fco Javier CHAO ÁLVAREZ**.

1. CONTEXTO.

1.1. ANTECEDENTES.

Á empresa TOMOS CONSERVACIÓN RESTAURACIÓN S.L. foille solicitada, por parte do TRAGSA PONTEVEDRA, a elaboración dun presuposto e proxecto para a realización dunha intervención arqueolóxica consistente na **prospección arqueolóxica superficial intensiva da Illa de Cortegada (Vilagarcía de Arousa – Pontevedra).** O noso é neste caso un traballo de estudio do patrimonio arqueolóxico da Illa de cara a ter en conta os seus resultados para o deseño de futuras obras a acometer.

Atendendo a esta solicitude redactamos o ***Proxecto de Actuación***, necesario para efectuar o devandito traballo segundo se estipula no *Capítulo II, artigo 61 do Decreto 199/1997* do 10 de xullo publicado no D.O.G. con data do día 6 de agosto de 1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia.

Este proxecto foi autorizado mediante unha resolución asinada o día 2 de abril de 2009 polo director xeral de Patrimonio Cultural, foi clasificado como actuación "preventiva" e rexistrado co código CD 102A 2009/194-0. O traballo desenvolvémolo atendendo ós criterios manexados no documento autorizado e agora presentamos a ***Memoria Técnica*** coa que o damos por rematado.

Neste documento expoñemos de novo os criterios de traballo presentados no proxecto inicial e explicamos os resultados tirados do traballo que levamos a cabo.

1.2. CONTEXTO XEOGRÁFICO[1].

A **illa de Cortegada** é a meirande illa do arquipélago de Cortegada situado na provincia de Pontevedra, preto do estuario do río Ulla na ría de Arousa, fronte ás costas de Carril, no concello de Vilagarcía de Arousa. Este arquipélago contén, á parte da illa de Cortegada, outros grupos de illas, como as illas Malveiras ou as Illas Briñas.

Únese á terra na baixamar polos viveiros. Ten unha extensión de 5 ha e unha superficie de 2,5 quilómetros cadrados con algunhas praias e dous pequenos

1 Boa parte da información recollida neste apartado está tirada da páxina web: www.gl.wikipedia.org

outeiros de pouco máis de 20 metros de altura cubertos por unha abundante flora entre a que destaca o maior bosque de loureiros da Península Ibérica.

Este grupo de illas, foi declarado en 2002 (xunto coas **Illas Cíes, Illas de Ons e Sálvora)** ***Parque Nacional*** [2]. En 2007 foi expropiada pola Xunta de Galicia e tralo pago dun xustiprezo de 1,8 millóns de euros, a illa voltou a ser de dominio público.

Sobre a cartografía pode localizarse nas follas seguintes segundo as distintas escalas que se manexen:

E. 1:50.000	E. 1:10.000	E. 1:5.000
152	**152– 21**	**152 – 32**




Imaxe aérea da Illa de Cortegada (SIXPAC).

2 **Ley 15/2002**, de 1 de julio, por la que se declara el ***Parque Nacional Marítimo Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia*** (**B.O.E., nº 157**, de 2 de julio de 2002).

1.3. CONTEXTO HISTÓRICO.[3]

Na illa de Cortegada e o seu entorno aparecen recollidos no PXOM de Vilagarcía catro elementos de interese patrimonial son os 19 PHA (Pecio Romano de Cortegada xacemento catalogado co GA36061015), o GA36061036 Xacemento Moderno de Cortegada, 53 PHA- conxunto de Capela e Cruceiro, e 54 PHA- Cruceiro.



Imaxe na que se reflicten os elementos de interese patrimonial recollidos na Normativa Municipal vixente en Vilagarcía de Arousa (PXOM Planeamento Base que foi aprobado o 04/02/2000).

3 Recollemos esta información para contextualizar o noso proxecto nunha consulta previa do PXOM do Concello de Vilagarcía (04/02/2000).

Hai que destacar a súa evolución histórica e administrativa[4] que pasa por un continuo cambio na propiedade dende que a principios do século XX deixou de estar habitada:

Século I	Aparecen as primeiras alusións á illa nos escritos de Plinio, denominándoa Corticata.
1600	Constrúese un hospital lazareto similar ós creados nas illas de San Simón e Tambo.
1900	Só quedan na illa 19 veciños, dividida en 1024 parcelas correspondentes a 211 propietarios.
1907	Adquirida por "subscrición popular" é doada ó rei Alfonso XIII para que constrúa unha residencia de verán, cousa que non fai.
1931	A II República declara reo de traizón ó Borbón deposto e confisca as súas pertenzas. Sen embargo Cortegada non é incorporada ó Patrimonio do Estado.
1958	Juan de Borbón inscribe a illa, no Rexistro da Propiedade de Cambados, ó seu nome.
1978	A inmobiliaria Cortegada S.A. mércalle a illa a Juan de Borbón por uns sesenta millóns de pesetas. O seu obxectivo non é outro que a completa urbanización deste espacio natural.
1980	Créase en Carril, a comisión cidadán para a defensa de Cortegada.
1982	A comisión presenta alegacións ó avance do PXOU de Vilagarcía.
1998	O pleno aproba unha nova alegación da comisión, que reforza a protección da illa.
2000	A Xunta fai pública a súa intención de poñer en marcha unha comisión negociadora para mercala illa a Cortegada SA. Apróbase no Parlamento galego a creación do Parque das Illas Atlánticas e avánzase que Cortegada "podería" ser incluída no futuro.
2002	A illa é incluída no Parque das Illas Atlánticas. Cortegada é a única illa do Parque non afectada pola catástrofe provocada tralo accidente do Prestige.
2007	A Xunta de Galicia expropia a Illa que volta a ser de titularidade pública.

4 Información tirada das páxinas web: www.gl.wikipedia.org e www.cortegada.net

1.4. MELLORAS A REALIZAR.

Ainda que o noso proxecto non vai encamiñado a realizar unha evaluación de impacto das obras que se van a realizar na Illa de Cortegada si que se pode encadrar dentro das melloras a realizar neste espacio que recentemente pasou a ser de titularidade pública. Segundo nos informou a empresa promotora da obra arqueolóxica TRAGSA, as obras de mellora que se van a realizar na Illa de Cortegada son as seguintes:

- Pantalán
- Rehabilitación do peirao de Cortegada.
- Rehabilitación dunha antiga vivenda en Cortegada.
- Líña submarina de abastecemento eléctrico dende Carril (Vilagarcía de Arousa).

2. ESTRUCTURA DO PROXECTO.

2.1. OBXECTIVOS DA INTERVENCIÓN.

A finalidade deste proxecto é a de contribuir a que se garanta unha atención adecuada sobre o patrimonio cultural.

O obxectivo fundamental desta intervención é a prospección superficial intensiva da totalidade da Illa de Cortegada, esto é unha superficie de 2,5 km^2. Co obxecto de:

- **Localizar**.
- **Delimitar**.
- E **grafiar planimetricamente** os elementos de carácter patrimonial existentes: restos arqueolóxicos, elementos arquitectónicos e etnográficos de interese. Tanto os xa coñecidos como os novos que poidan aparecer.

2.2. EQUIPO TÉCNICO.

Tal e como estaba previsto nos traballos de campo participaron dous técnicos:

Un arqueólogo responsable do proxecto:
Fco Javier CHAO ÁLVAREZ.

Un arqueólogo axudante:
Xaquín FERRER CRUZ.

Non foi necesaria a participación de máis personal técnico (debuxante, restaurador ou técnicos da Dirección Xeral ...), por non aparecer situacións especialmente singulares que así o requirisen.

2.3. EQUIPO MATERIAL.

O material utilizado para este tipo de intervención ben derivado das necesidades de desprazamento e das de documentación e rexistro dos bens documentados:

Para o rexistro fotográfico empregarase soporte dixital de alta resolución.
Cartografía a diferentes escalas en función das necesidades de documentación da área de traballo.
O transporte ata a Illa correu a cargo da empresa promotora dos traballos arqueolóxicos (TRAGSA).

2.4. TEMPO DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.

Os traballos de campo levaronse a cabo en dúas xornadas tal e como estaba previsto no proxecto de actuación. As datas dos traballos devanditos son o 18 e 26 de xuño de 2009.

2.5. ELABORACIÓN DE INFORMES.

Comunicamos ó Servicio de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio as datas de inicio (15 de xuño de 2009) e finalización (29 de xuño de 2009) dos traballos arqueolóxicos no campo, segundo as esixencias legais recollidas no *Capítulo III, artigo 9.4 do Decreto 199/1997* do 10 de xullo e publicado no D.O.G. con data do día 6 de agosto de 1997, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia.

Unha vez rematados elaboramos de forma inmediata, un único informe definitivo[5] no que documentamos de forma axeitada a actuación levada a cabo e a explicación das características técnicas da mesma.

Non documentamos ningún xacemento novo nin recollemos materiais arqueolóxicos polo que non elaboramos ningunha ficha de inventario da Xunta de Galicia nin existe acta de depósito no museo de material.

5 Reuniremos nun único documento os preceptivos I*nforme Valorativo* e *Memoria Técnica.*

3. METODOLOXÍA DA INTERVENCIÓN.

Tal e como resulta habitual neste tipo de intervencións, o traballo foi encamiñado á realización de dúas actividades primordiais:

1- ***Revisión bibliográfica e documental, e***

2- Prospección de campo.

O desenvolvemento destas dúas tarefas discorreu por tres fases ben definidas, nas que a información obtida mediante a consulta da documentación dispoñible pode ser tan relevante como o propio rexistro de campo.

3.1. PREPROSPECCIÓN.

A realización deste traballo de gabinete previo consta de tres actividades básicas:

1. *Revisión da cartografía* existente da Illa de Cortegada.

2. Unha vez finalizada a fase anterior, *control e busca de topónimos* arqueolóxicamente salientables a través da cartografía arriba mencionada e da documentación dispoñible. A información aquí obtida foi cotexada e completada no campo mediante a realización de enquisas etnográficas (rexistro de microtoponimia).

3. Rexistro das referencias arqueolóxicas existentes obtidas logo da consulta da diversa *documentación oficial* (sobre todo das ***fichas de inventario*** de xacementos arqueolóxicos depositadas na Delegación da Consellería de Cultura e Deporte en Pontevedra).

3.2. PROSPECCIÓN.

Supón o traballo de campo propiamente dito. Contou con dúas actividades básicas e complementarias entre si que, como é lóxico supoñer, van encamiñadas á realización do máis completo ***rexistro*** do ***patrimonio arqueolóxico*** e ***cultural***.

3.2.1. Desprazamento a pé polo territorio afectado.

O planeamento previsto contemplaba a supervisión de toda a superficie da Illa de Cortegada mediante a **prospección intensiva**[6] do mesmo, co fin de rexistrar e catalogar tanto os considerados *xacementos arqueolóxicos visibles* (é dicir, aqueles que ofrecen unha alteración evidente na paisaxe) como aqueles lugares puntuais que polas súas características impliquen a posibilidade de atopar achados soltos ou outro tipo de vestixios ou *xacementos non visibles* na paisaxe (é dicir sectores que conten con emprazamentos topográficos significativos que nos poidan inducir a pensar na presencia de hábitats prehistóricos; lugares con referencias etnográficas concretas; etc.). A elo hai que engadir os elementos de relevancia histórica, artística ou etnográfica, que tamén foron incluidos nese rexistro.

Atopamos dúas zonas nos sectores norleste e noroeste da Illa onde pola presencia dunha abundante vexetación non puidemos de xeito efectivo o terreno. Marcamos estas áreas na cartografía que se xunta.

Ao mesmo tempo fomos realizando un *rexistro fotográfico* daqueles aspectos máis salientables da arqueografía, topografía, etc. da zona de estudio. Unha selección desas fotografías incluimola neste documento a Memoria Técnica definitiva.

3.2.2. Enquisa etnográfica.

Estaba previsto facer esta labor entre as persoas de máis idade no maior número de núcleos habitados do entorno da Illa de Cortegada (xa que a Illa está despoboada dende principios do século XX), xa que normalmente a información obtida entre este grupo de poboación está menos *contaminada* e resulta ser máis abundante que a conseguida a través da xente máis nova.

Fixemos un total de 5 enquisas etnográficas: 3 no lugar de Carril, 1 ó barqueiro que nos levou a Illa e 1 ós gardas do Parque.

6 Fixemos parte da prospección ca marea baixa para acceder a unha franxa de terreno máis ampla e percorrer tamén a pé o tramo que une a Illa a Carril.

3.2.3. Normativa Municipal.

Consultamos a Normativa Muncipal vixente no concello de Vilagarcía de Arousa: PXOM Planeamento Base aprobado o 04/02/2000.

3.3. REXISTRO E DOCUMENTACIÓN.

Tódo-los elementos patrimoniais documentados, tanto novos como xa coñecidos, durante a execución dos traballos son recollidos e/ou documentados, e delimitados sinalando a súa localización puntual nos planos que resultan máis axeitados.

Empregamos a cartografía como soporte principal para indicar tanto os resultados acadados como as reseñas máis significativas da propia actuación manexando distintos tipos de planos e a diferentes escalas para poder presentar de maneira axeitada a información.

Neste senso a previsión segueu o esquema seguinte:

 # Planos de situación; a escala orixinal 1:5.000 reducidos a 1:10.000 do servicio cartográfico da Xunta de Galicia, e a escala 1:25.000 do Instituto Geográfico Nacional. Empregarémolos en caso de aparecer algún elemento patrimonial novo para documentar a súa localización.

Tal e como expresamos con anterioridade fixemos además tomas fotográficas de todos os aspectos salientables da zona de traballo dos elementos documentados e das características físicas e paisaxísticas da área de traballo para documentar mellor a súa caracterización.

3.4. EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.

O traballo de prospección desenvolvémolo sen atrancos significativos posto que a área de estudio presentaba unhas boas condicións de observación, a marea baixa posibilitou a inspección destallada de amplas zonas da costa e a vexetación so nos presentou problemas pola súa densidade en dúas pequenas zonas moi concretas ó norleste e noroeste da illa (ver cartografía).

En todo caso sinalar que para o estudio do xacemento arqueolóxico coñecido como **Pecio de Cortegada** requirese un traballo subacuático que permita delimitar e definir a zona na que se documentan os restos.

Como traballo complementario ó do campo fixemos outro de revisión bibliográfica e documental de distintas referencias e páxinas da web que nos permitiron unha mellor contextualización de todo o proxecto.

4. RESULTADOS ACADADOS.

Non documentamos ningún xacemento arqueolóxico novo e só rexistramos a maiores algúns bens de interese arquitectónico e/ou etnográfico.

Os xacementos arqueolóxicos coñecidos da Illa de Cortegada foron catalogados por Emilio Abad Vidal e Vicente Caramés Moreira en febreiro de 1999 e son os seguintes:

- *GA36060036 Xacemento Moderno de Cortegada.*
- *GA36060015 Pecio de Cortegada.*

Además no PXOM de Vilagarcía aparecen recollido e protexidos como parte do Patrimonio Histórico Artístico os seguintes elementos:

- *53-PHA Conxunto de Capela e Cruceiro.*
- *54-PHA Cruceiro.*

En canto os novos bens de interese etnográficos rexistrados decir que son numerosos e teñen unha tipoloxía variada que responde as necesidades dos habitantes da Illa. Documentamos **un pozo**, unha **zona de interese etnográfico** (estructura circular, roda de muiño e rebaixe no terreno), unha **zona de concentración de canteiras** e o **trazado de dous camiños** que percorren a Illa, un transversalmente e o outro rodeandoa pola costa.

Además podemos falar de outros elementos que sen ter unhas características particulares destacadas si teñen certo interese por ser elementos tradicionais que se repiten na súa morfoloxía ó longo da xeografía galega, trátase de paredes de límite de fincas, terrazas de cultivo e marcos que nos sitúan nun entorno antropizado de carácter rural.

4.1. XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS.

Como expresamos no apartado anterior os xacementos arqueolóxicos coñecidos da Illa son os seguintes:

1- *GA36060036 Xacemento Moderno de Cortegada.*
2- *GA36060015 Pecio de Cortegada.*

1- Xacemento Moderno de Cortegada. GA36060036



Trátase das ruinas do pobo de Cortegada que se localiza nunha cala do extremo Sueste da Illa e cuia fundación data da Idade Media sendo abandonado a comenzos do século XX.

Este xacemento aparece recollido, delimitado e protexido no PXOM do Concello de Vilagarcía (tal e como pode verse na cartografía), incluindo a localización do elemento 53-PHA Conxunto de Capela e Cruceiro.

Entre a vexetación e ó pé da praia son visibles as estructuras en estado ruinoso das vivendas dos habitantes do antigo pobo, da Capela e Hospital de romeiros, do antigo peirao, e dunha fonte de factura recente (ou restaurada). E decir, trátase dun conxunto de elementos que ademais do seu interese arqueolóxico tamén é salientable polo seu valor arquitectónico e etnográfico.

Clave: GA36060036
Nome do xacemento: Xacemento Moderno de Cortegada
Concello: Vilagarcía de Arousa
Parroquia: Santiago de Afora de Carril
Lugar: Cortegada
Coordenadas UTM: x: 517.679 y: 4.718.307
Adscripción tipolóxica: Villa
Adscripción cultural: Idade Moderna
Descrición[7]**:** O pobo de Cortegada, abandonado a comenzos do século, sitúase nunha cala no extremo surleste da Illa do mesmo nome. A primeira noticia histórica que poseemos data de 1334, en que se fai unha donación á igrexa situada no lugar que hoxe ocupa o pobo, así mesmo anexa a esta existía un hospital de romeiros. Posteriormente en 1652 a igrexa e o hospital trasladanse ó lugar no que se asentan actualmente, a escasos 100 metros do núcleo poboacional.

Seguindo as vicisitudes históricas de istes dous edificios, debe estar parella a propia vida de este pobo. Polo que podemos supor que funde as súas raíces na Idade Media, con un período de esplendor na Idade Moderna e un posterior decaimento, ata a actualidade na que se atopa fosilizado, sendo un enclave de gran riqueza etnográfica e arqueolóxica.

[7] Recollemos de xeito literal o texto da Ficha de Inventrio do xacemento elaborada en febreiro de 1999 polos arqueólogos Emilio Abad Vidal e Vicente Caramés Moreira.

2- Pecio de Cortegada. GA36060015



Trátase dun pecio ou xacemento subacuático de época romana que se localiza ó norte da Illa concretamente no arco que vai dende Punta Fradiño a Punta Corveiro.

Segundo a ficha de inventario na zona de costa aparecían restos de época romana ainda que non se podía delimitar un xacemento en terra firme.



Durante o traballo de prospección que agora levamos a cabo non vimos ningún tipo de material de época romana na liña de costa nen indicios dalgún posible xacemento nesta zona da Illa, se ben queremos destacar que sobre Punta Fradiño localizamos un concheiro. No concheiro non vimos ningún tipo de material e pode ser facilmente froito da natureza ou de desperdicios do traballo de marisqueo, pero xa que estamos nunha zona na que se atoparon restos arqueolóxicos creemos que debe ser tido en conta de cara a futuras intervencións.

Clave: GA36060015
Nome do xacemento: Pecio de Cortegada
Concello: Vilagarcía de Arousa
Parroquia: Santiago de Afora de Carril
Lugar: Punta Fradiño
Coordenadas UTM: x: 517.590 y: 4.718.967
Adscripción tipolóxica: Pecio
Adscripción cultural: Romano
Descrición[8]: No ano 1988 un buceador de Carril da parte ó Museo de Pontevedra do achadego de obxectos e fragmentos cerámicos que aparecen ó norte da Illa de Cortegada. A partir de entonces un equipo de arqueólogos inician unha prospección subacuática no entorno, esta ainda que non localiza o pecio do que presumiblemente proceden eses obxectos, encontra máis evidencias da existencia de dito xacemento.

Os materiais documentados durante ditas prospecciones foron basicamente catro ánforas en perfecto estado de conservación (Hallster 70) e terra sigillata (Dragendorf 18) ca marca de alfareiro "Dasai". Todo este material establece unha cronoloxía para o pecio da 1ª metade do século I d.c.

Ó mesmo tempo, durante esta prospección localizanse restos de material de construcción romano na liña de costa da parte norte da Illa de Cortegada, dato que se confirma nos traballos de prospección actuales, pero sen que se poda delimitar con exactitude a existencia dun xacemento en terra firme.

[8] Recollemos de xeito literal o texto da Ficha de Inventrio do xacemento elaborada en febreiro de 1999 polos arqueólogos Emilio Abad Vidal e Vicente Caramés Moreira.

4.2. BENS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS.

No PXOM de Vilagarcía aparecen recollido e protexidos como parte do Patrimonio Histórico Artístico os seguintes elementos:

3- Conxunto de Capela e Cruceiro. 53-PHA.
4- Cruceiro. 54-PHA.

3- Conxunto de Capela e Cruceiro. 53-PHA.



Ruinas da Capela, Hospital de Romeiros e Cruceiro que se localizan no sector sur da Illa a escasos metros do pobo abandonado de Cortegada.

O estado do conxunto de Capela e Hospital é de absoluto abandono coas estructuras vencidas sobre si mesmas e sen rastro da cubrición. O cruceiro atopase en bo estado.

A descrición que aparece na ficha de inventario do PXOM de Vilagarcía é a seguinte: *Capela de silleria con ordenación por tendeis, porta con arco de medio punto enmarcada con portada de traza renacentista, con pilastras de escaso relevo sustentando un frontispicio cunha talla heráldica. A cada lado un fachineiro.*

Cruceiro sinxelo amañado cun zuncho, chanzos, base e capitel. Varal ochavado. Crucifixo cos pes caseque pousados no capitel. Entorno natural moi interesante, ainda que abandonado.

4- Cruceiro. 54-PHA.



Cruceiro que se localiza no extremo norleste da Illa. Varal e cruceiro conservanse en bo estado, mentras que a peana está practicamente desfeita debido á acción da auga.

A descrición que aparece na ficha de inventario do PXOM de Vilagarcía é a seguinte: *Obra do século XX. Sinxela base, varal moi esbelto con imaxe a media altura. Voluminoso capitel. Cruz de apreciable tamaño con crucifixo e imaxe polo reverso.*

4.3. OUTROS ELEMENTOS DE INTERESE ETNOGRÁFICO.

Aparte dos bens xa catalogados documentamos outros de variada tipoloxía e características, trátase de:

5- Pozo de auga.
6- Zona de interese etnográfico.
7- Zona de concentración de canteiras.
8- Camiños: trazado de dous camiños que percorrían a Illa.
9- Outros elementos: paredes de límite de fincas, terrazas de cultivo e marcos.

5- Pozo de auga.



Pozo de auga que se localiza ó noroeste do pobo de Cortegada.

A súa estructura ten pranta rectangular cunhas dimensións duns 4x2 metros. As paredes son de cachotería de granito e segundo informacións recollidas tiña unha cuberta que verquía a auga cara o interior a fin de aproveitala, na actualidade non se documenta ningún indicio de dita cuberta.

O fondo aproximado do pozo é de tres metros, non puidemos medir por estar parcialmente cheo de auga.

A bo seguro é unha estructura relacionada ca vida do pobo xa que a súa funcionalidade sería a de abastecer de auga potable ós habitantes desta localidade.

6- Zona de interese etnográfico.



Trátase dun espacio sito ó suroeste do pobo no que se localiza unha roda de muiño, a base dunha estructura circular duns 2 metros de diámetro, un rebaixe no terreno (posiblemente dunha canteira) e unha cruz gravada nun afloramento.

Segundo os informantes consultados nesta zona existíu un muiño de vento; hoxe localízase unha cimentación de forma circular duns 2 metros de diámetro cunha anchura de muro duns 40 centímetros que apenas levanta do chan uns 25 centímetros e deixa un oco interior de pouco máis de 1 metro. Está realizada en cachotería de pedra e non presenta características

específicas que nos permitan facer unha interpretación dela. A carón desta base aparece unha roda de muiño que semella responder á tipoloxía habitual das moas dos muiños de aceite.



A uns 20 metros ó oeste desta estructura hai un afloramento granítico sobre o que pode verse unha cruz gravada de brazos iguais cunhas medidas duns 12x12 centímetros. A fondura do gravado é duns 2 centímetros e o perfil é en forma de V con bordos aristados o que resulta indicativo dunha cronoloxía recente. No límite noroeste deste outeiro hai unha zona rebaixada no terreno que creemos que poden ser restos dunha canteira; trátase dun rebaixe de forma elíptica duns 10 metros no eixo norte-sur e uns 7 no leste-oeste e dunha fondura máxima duns 50 centímetros. Descoñecemos a orixe deste rebaixe porque non se ven indicios que permitan facer unha interpretación pero semella tratarse máis dunha canteira ca doutro tipo de elemento.

Os topónimos da zona son Torre de Arriba e Monte da Torre que evidencian a presencia dalgunha estructura ou construcción desta tipoloxía (torre) ou semellante, porén a base circular localizada coidamos que ten moi pouco diámetro e moi pouco oco interior para permitir unha construcción de altura aínda que moi probablemente si garda relación cos topónimos e a arquitectura que os xustifica, a presencia da pedra leva a pensar efectivamente nalgún muíño que necesariamente tiña que ser de vento. A cruz e a canteira tamén poderían ter relación con esta construcción como elemento simbólico e punto de obtención das pedras respectivamente. Desafortunadamente non atopamos indicios nin informacións que nos permitan facer unha valoración interpretativa axeitada desta cimentación nin desa posible presencia da torre ou muíño de vento.

7- Zona de concentracións de canteiras.



No cantil que se localiza ó noroeste da Illa documentamos unha zona de concentración de canteiras. Os restos son evidentes polos cortes nos afloramentos e as marcas de cuñas deixadas polos canteiros. A bo seguro o material extraido foi empregado para construir casas e estructuras relacionadas ca vida no pobo de Cortegada.

Temos que sinalar que en practicamente toda a superficie da Illa poden verse indicios de canteiría pero sinalamos esta zona en concreto por tratarse dunha área de concentración delas e por resultar moi visibles.

8- Camiños.



Valoramos tamén o trazado dos camiños que percorría a Illa, un en sentido transversal para unir as costas norte e sur e outro que rodeaba a illa pola costa.

O primeiro destes camiños (imaxe superior)é longo e consérvase en bo estado, sae dende o pobo polo interior ata a costa norte dividindo a illa pola metade.

Pola contra o camiño que rodeaba a Illa pola costa ten un tramo ó norleste do pobo no que se conserva en bo estado (imaxe inferior esquerda), mentras que na costa norte so puidemos documentar un treito de escaso percorrido a carón do mar, no que só se distinguen as rodeiras dos carros marcadas sobre a rocha (imaxe inferior dereita).





9- Outros elementos.







Por último, queremos facer referencia á presencia xeralizada de paredes de límite de fincas e marcos que se atopan espallados por toda a illa e que sen ter un valor e unhas características individuais destacadas, xa que son elementos que se repiten ó longo de toda a xeografía galega, si nos sitúan nun entorno claramente antropizado de carácter rural. Dentro deste aproveitamento agrícola podemos tamén facer referencia a unha zona de terrazas de cultivo no sector noroeste da illa que acondicionan o terreo permitindo superficies planas doadamente traballables.

5. FOTOGRAFÍAS.

Achegamos unha serie de fotografías que axudan a contextualizar a zona de traballo.



Vista do pobo abandonado de Cortegada tomada dende a embarcación que nos transportou.



Panorámica de Punta Fradiño.



Rodeiras no camiño que rodeaba a illa pola costa. Tramo conservado á saida do pobo cara o norleste.



Estado dos restos conservados do hospital de romeiros.



Fonte documentada ó pé da Capela.



Detalle do antigo peirao.

6. CARTOGRAFÍA.

Achegamos os planos seguintes:

- 1 - Plano de situación xeográfica.
- 2- Localización dos bens documentados.

7. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

Documento achegado co proxecto:

- Comunicado de non ter recollido materiais arqueolóxicos.

O abaixo asinante: Francisco Javier CHAO ÁLVAREZ, arqueólogo, de acordo coas normas vixentes que rexen a actividade arqueolóxica en Galicia:

COMUNICA:

Que durante os traballos de campo levados a cabo na Illa de Cortegada **non se recolleu ningún material** de natureza arqueolóxica.

Vigo, a 10 de xullo de 2009.

Asdo.: Franciso Javier CHAO ÁLVAREZ.

SR. DIRECTOR XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
(XUNTA DE GALICIA)